



folla de prevención

JUAN MANUEL RODRÍGUEZ LORENZO

Técnico superior en Prevención de Riscos Laborais
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Edita: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
Coordinación e maquetación: Alberto Conde Bóveda
Edición: abril 2013 ISSN: 2254-9102

RISCOS PSICOSOCIAIS NO ÁMBITO EDUCATIVO: *BULLYING*



“Un alumno é agredido ou se converte en vítima cando está exposto, de forma repetida e durante un tempo a accións negativas que leva a cabo outro alumno ou varios deles”

Dan Olweus

A Organización Mundial da Saúde cifra en 24,8 % o número de nenos que entre 11 e 18 anos sofren acoso escolar. O *Estudio Cisneros X* (profesores Piñuel e Oñate) cifran nun 23,4 % os alumnos de primaria e secundaria vítimas de *bullying*. O Instituto de Evaluación y Asesoramiento Educativo (IDEA) indica

que un 49% dos estudantes afirman que nalgunha ocasión foron insultados e un 13,4% afirman ter agredido algún compañeiro.

Ante estes datos de incidencia son varias as preguntas que rapidamente veñen á mente: por que estas cifras tan altas?, a que se deben?, hai algún xeito de parar esta espiral de violencia?, as partes involucradas no sistema educativo están a fallar en algo?, que papel desempeña o profesorado e dirección dos centros de ensino?, educación, familia, valores, ...

Hoxe, nós adultos, temos na memoria episodios de violencia vividos nos nosos anos académicos, como sufridores ou como espectadores. Pero sabemos cal é o problema e as súas consecuencias porque son experiencias vividas. Ou acaso non recordamos situacións como burlarse polo seu aspecto físico, chamalo por un alcume, deteriorar o seu material escolar, deixalo en situación de inferioridade e ridículo diante do resto de compañeiros, marxinación, agresión física. A estas, as tradicionais, as de toda a vida engadamos as que xorden coas novas tecnoloxías da internet e aparatos móbiles nas que a degradación e ofensa do alumno poden chegar a ser aínda máis perniciosas.

PERO, QUE É O ACOSO ESCOLAR?

"Un estudante é acosado ou vitimizado cando está exposto de xeito repetitivo a accións negativas por parte dun ou máis estudantes. " (Olweus 1986) "Comportamento negativo repetitivo e intencional (desagradable ou ferinte) dunha ou máis persoas dirixido contra unha persoa que ten dificultade en defenderse" (Olweus 1986). Hai unha intención clara e evidente de humillar, de facer claudicar.

Este tipo de violencias caracterízanse pola súa dificultade á hora de identificalas, pero para o adulto non para os compañeiros do agredido que saben perfectamente o que acontece. Debemos deixar claro que cando falamos de violencia non nos referimos en exclusiva a unha violencia física senón tamén psicolóxica. A finalidade é facer dano con condutas repetidas no tempo.

POR QUE UN NENO SE CONVERTE EN AGRESOR E OUTRO EN AGREDIDO?

Desde logo hai nenos que son máis susceptibles de sufrir violencia e outros de provocala. O ámbito no que eles se moven: os patios de colexio, os recreos, a clase, a entrada e saída, a internet, os teléfonos. Son os decorados nos que se produce o acoso.

O agresor adoita ser un neno, fisicamente forte, personalidade dominante, faltos de empatía, de natureza impulsiva. Por outro lado, a vítima adoita ser tímida, débil fisicamente, autoestima baixa, insegura, vive en ambientes de sobreprotección.

O fracaso escolar adoita ser denominador común para ambos os dous perfís, non así as consecuencias da agresión.

Para o que agride, as condutas agresivas que realiza son percibidas polo resto como superioridade; o agresor convértese para eles nun heroe ao que hai que admirar. O agresor é consciente de que pode conseguir o que quere coa súa actividade. Dalgún xeito, está a poñer as bases para condutas delituosas no futuro.

Polo contrario, quen sofre o acoso ou a violencia é un neno que pouco a pouco se vai inhibindo, baixa a autoestima, aumenta o absentismo, diminúe a ilusión, vólvese apático, ten sentimento de culpa, perde confianza, ten medo e dor, aparecen condutas depresivas (insomnio, irritabilidade), íllase do grupo, nega os feitos, presenta crise de ansiedade, mostra fobia ao colexio, ...

Todo isto pode deixar unha pegada no alumno que o acompañará durante tempo e que pode derivar en que só contemplan o suicidio como vía de escape (caso Jokín).

Pero falta un terceiro elemento, os que miran, os espectadores. Os cómplices silentes de todo o que acontece, que aceptan o que non se pode aceptar e perden toda sensibilidade ante o que ven. Estes, que colaboran, gravan, aproban e reforzan os feitos, adquiren unha debilidade fronte ao agresor que fai que algún día eles poidan converterse en vítimas.

Porque hai que recordar que como norma xeral un agride e moitos miran e consenten. E é a vítima e non o agresor o que ten que cambiar de colexio para endereitar a situación. O agresor continúa no seu territorio e volverá á caza doutra vítima.

Unha persoa que sofre este tipo de violencias pode reaccionar facéndose cómplice; desta forma consegue ser aceptado pero conséguese como o "pallaso" da

clase. Pode tamén cambiar de personalidade e imitar a actitude do violento.

Todos os que interveñen no proceso educativo están obrigados a preocuparse polo problema e a concienciarse da importancia que ten.

Deben evitarse actitudes e pensamentos de tipo: "son rapazadas", "non é para tanto", "nesta familia son uns esaxerados". Como dicía ao principio, este tipo de violencias adoitan ser invisibles para o adulto, non para os actores, e por iso é necesario previr estas situacións ante calquera signo de alarma. As familias deben poñelas en coñecemento de forma inmediata ante calquera signo ou cambio no comportamento do neno. Desta forma conséguese poñer en alerta e o sistema educativo poderá actuar.

Deben evitarse pensamentos como: "buscouno", "o cole está para ensinar e ademais non ten que ver co meu traballo". Pensemos que, se aínda por enriba responsabilizamos á vítima do acontecido, as consecuencias aínda serán peores. Debemos poñernos na pel do alumno e ver o seu sufrimento e dor debido ao acoso ao que está sometido. O centro é responsable de proporcionar e ensinar os coñecementos axeitados pero tamén o é de apoiar o alumno e a familia que están a sufrir.

Ante unha situación de acoso débese poñer atención e escoitar o alumno. Seguramente non puidésemos ver nin estar presentes no momento no que se produciron os feitos, pero debemos crer no alumno e actuar en consecuencia.

O profesorado debe garantir o segredo do que lle están a contar e en todo caso garantir a súa protección.

É moi importante que os centros teñan protocolos de actuación fronte ao acoso onde aparecerá a forma de intervir e os pasos que hai que seguir cando se detecte un caso. En calquera caso garantindo a protección do alumno.

Cando un docente teña coñecemento dunha situación de acoso debe comunicalo á dirección do centro. Pensemos que o alumno ten medo a comunicar calquera acto relacionado co acoso escolar por temor a posibles represalias. Neste sentido o centro debe favorecer o diálogo entre docentes e alumnos.

E AGORA QUE?

- Valorar a situación
- Falar co alumno supostamente acosado
- Falar con outros alumnos ou profesores
- Falar co ou cos supostos agresores
- Entrevistar os pais

TEÑAMOS EN CONTA QUE DEBEMOS ACTUAR ...

COA VÍCTIMA

- Discreción
- Observar o acosado
- Protexer e garantir a seguridade do alumno
- Colaboración da familia
- Buscar asesoramento

COS AGRESORES

- Vixiar
- Mediar
- Levar a cabo programas de adaptación de conduta

COS OBSERVADORES

- Diferenciar entre chivar e denunciar
- Comprobar a relación que existe na aula
- Vixiar as relacións de grupo
- Intentar cohesionar o grupo

COAS FAMILIAS

- Solicitar a colaboración das familias afectadas
- Manter reunións con cada una das familias
- Manter informadas as familias
- Orientar

LEMBRE

- ▶ O acoso escolar aparece por causas moi diversas: persoais, escolares ou familiares. É moi probable que o problema non se desenvolva só na aula, senón vai máis alá.
- ▶ Debemos ser conscientes que a violencia nos centros educativos non é algo que afecte de modo exclusivo os alumnos senón que toda a comunidade educativa se ve afectada por esta situación.
- ▶ Debemos deixar de banalizar e trivializar o acoso escolar. Os educadores e familias non deben minimizar os feitos, restarlle importancia e moito menos culpar a vítima da situación.

BIBLIOGRAFÍA

- *Guía para el profesorado sobre acoso escolar.* Gobierno de Canarias. Consejería de Educación, Universidades, Cultura y Deporte.
- *Protocolo de actuación para los centros educativos en casos de acoso entre compañeros.* Gobierno de Cantabria. Consejería de Educación.
- *El acoso escolar.* Nuria Felip i Jacas. Universidad de Girona.
- *El acoso escolar: Un enfoque psicopatológico.* Jordi Collé y Caralt, Carme Escude Miguel.
- *Estudio Cisneros X.* Piñuel y Oñate.

